



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 26 DE DECEMBRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Non asisten e presentan escusa dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona Josefa Vázquez Soto.

Faise constar que asisten á sesión dona M<sup>a</sup> Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M<sup>a</sup> Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 19 de decembro de 2017**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 19 de decembro de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación provincial da Coruña, convocatoria do programa de subvencións provinciais, de concorrencia competitiva dirixidas a concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos SNL. (Boletín Oficial da Provincia número 239, do 19 de decembro de 2017).



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico deportivo durante o ano 2018. (Boletín Oficial da Provincia número 241, do 21 de decembro de 2017).

- Orde do 22 de novembro de 2017, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se convoca para o ano 2018. (Diario Oficial de Galicia número 240, do 20 de decembro de 2017).

- Fax da Asesoría Xurídica da excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrado de entrada o día 22 de decembro de 2017, co número 0/10899, no que comunica a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo Número 3 da Coruña, no procedemento abreviado 0000194/2017, polo que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto por Carnota Montur Center, S.L. contra a resolución do alcalde en funcións do Concello de Cambre de 31 de xullo de 2017, que confirmou o acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de xullo de 2017, que declarou deserto o contrato do servizo de organización e desenvolvemento dos campamentos de verán nos anos 2017 e 2018.

Acordouse, igualmente, a incautación das garantías provisionais depositadas polas dúas entidades licitadoras por importe de 3.600 euros.

### **3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 15 ao 20 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da alcaldía número 2257/2017 e remata coa resolución da alcaldía número 2320/2017, segundo se relaciona a seguir:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
2257/2017	15/12/2017	Expediente de modificación de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2016 núm. 3/2017 por corrección de erros materiais
2258/2017	15/12/2017	Denegar a axuda recibo de auga por ser solicitado posteriormente á data límite de pagamento. Solicitante: AAI
2259/2017	15/12/2017	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 19 de decembro de 2017
2260/2017	15/12/2017	Autorización apertura urna sinalada letra B, do panteón perimetral nº 153, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de depositar as cinzas de don AVF
2261/2017	15/12/2017	Autorización apertura urna sinalada coa letra B, no panteón



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		perimetral nº 13, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona M.O.C.C., falecida o 29 de outubro de 2017
2262/2017	15/12/2017	Organización, xunto coa asociación de veciños O Cruceiro de Bribes, do belén vivente 2017
2263/2017	15/12/2017	Concesión de bonificación do 100% nas taxas por subministración de auga, do servizo da rede de sumidoiros e da depuración (4º trimestre 2017)
2264/2017	15/12/2017	Concesión de bonificación das cotas da taxa por subministración de auga e rede de sumidoiros para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza ou o seu cónxuxe, ostente a condición de familia numerosa (4º trimestre 2017)
2265/2017	15/12/2017	Instalación de estruturas móbiles previstas para a celebración do proxecto belén vivente 2017
2266/2017	15/12/2017	Denegar a axuda recibo auga por ser solicitada con data posterior ao límite de pagamento. Solicitante: MBVV
2267/2017	15/12/2017	Campaña de dinamización comercial no Nadal 2017/2018
2268/2017	18/12/2017	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 21 de decembro de 2017
2269/2017	18/12/2017	Corrección erro Resolución nº 2263/2017 de data 15 de decembro
2270/2017	18/12/2017	Corrección erro Resolución nº 2264/2017 de data 15 de decembro
2271/2017	18/12/2017	Licenza para demolición de silos na finca sita na rúa da Barcala
2272/2017	18/12/2017	Expediente de disciplina urbanística 07/67/09 por construción de peche sen licenza municipal e sen gardar a preceptiva distancia a camiño público en Castrobóo, Anceis
2273/2017	18/12/2017	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000021 por estado de finca sita en Peiraio, Bribes
2274/2017	18/12/2017	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000022 por estado de finca sita en Peiraio, Bribes
2275/2017	18/12/2017	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000024 por estado de finca sita en Peiraio, Bribes
2276/2017	18/12/2017	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000025 por estado de finca sita en Peiraio, Bribes
2277/2017	18/12/2017	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000026 por estado de finca sita en Fontenla, Cambre.
2278/2017	18/12/2017	Conceder a Unión Fenosa Distribución, S.A., licenza municipal para realizar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Lendoiro, 36-D, Cecebre
2279/2017	18/12/2017	Declaración de ruína da edificación sita en Gosende, Andeiro. propietarios: AMG e MLRP
2280/2017	19/12/2017	Conceder a tarxeta estacionamento para persoas con



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		discapacidade a JVM
2281/2017	19/12/2017	Ausencia de dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, do 19 ao 29 de decembro de 2017, ambos os dous incluídos
2282/2017	19/12/2017	Celebración voda civil de NMSL e RNC o 22 de decembro de 2017 ás 13:00 horas
2283/2017	19/12/2017	Pagamento nómina e paga extraordinaria de decembro de 2017 por un importe bruto de 650.458,61 euros
2284/2017	19/12/2017	Aprobación convenio Apem 2017
2285/2017	19/12/2017	Aprobación convenio Arela 2017
2286/2017	19/12/2017	Aprobación convenio Aspace 2017
2287/2017	19/12/2017	Aprobación xustificación primeira achega convenio promoción do futbol 2017
2288/2017	19/12/2017	Aprobación convenio Anhida 2017
2289/2017	19/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 14/2017. Inversións Protección civil, por un importe total de 2067,68 euros
2290/2017	19/12/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 4348)
2291/2017	19/12/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 82.605,78 euros
2292/2017	19/12/2017	Aprobación de facturas correspondentes a subministración de electricidade, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 34.174,38 euros
2293/2017	19/12/2017	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 78.558,48 euros
2294/2017	19/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 15/2017. Gastos de persoal
2295/2017	20/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 16/2017. Gastos correntes área de gasto 1 por un importe total de 75.599,71 euros
2296/2017	20/12/2017	Concesión cambio de posto na feira de Cambre
2297/2017	20/12/2017	Conceder a licenza ocupación para o edificio situado en Paseo Marítimo, O Temple. Solicitante: PEX, S.L.
2298/2017	20/12/2017	Denegar a praza de estacionamento para persoas con mobilidades reducida fronte a farmacia de Sigrás. Solicitante. BLF
2299/2017	20/12/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa de obras presentada para realizar unha acometida eléctrica na finca sita no lugar de Retiro, Cambre. Solicitante. UFD, S.A.
2300/2017	20/12/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada para a instalación dunha cuberta telescópica na piscina existente na finca sita no Castro, Bribes. Solicitante: MTFs
2301/2017	20/12/2017	Conceder a axuda dous recibos de aluguer por importe total de 500 euros. Solicitante: CMLI
2302/2017	20/12/2017	Conceder a axuda recibo luz por importe de 36,29 euros. Solicitante: MBVV



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2303/2017	20/12/2017	Conceder a axuda 3 recibos luz por importes de 59,96, 58,43 e 74,57 euros. Solicitante: VSL
2304/2017	20/12/2017	Corrección de erros da resolución 2249/2017 do 14 de decembro, figura a concesión de "pago do recibo de aluguer correspondente ao mes de agosto de 2017 por importe de 300 euros" cando debería figurar a concesión "pago do recibo de aluguer correspondente ao mes de agosto de 2017 por importe de 350 euros"
2305/2017	20/12/2017	Expedientes sancionadores de tráfico
2306/2017	20/12/2017	Corrección erro resolución 2250/2017 do 14 de decembro, figura a concesión de "un recibo de aluguer correspondente ao mes de setembro por importe de 300 euros" cando debería figurar a concesión "parte do recibo de aluguer correspondente ao mes de setembro por importe de 250 euros"
2307/2017	20/12/2017	Denegar a axuda de recibos por superarse o importe máximo anual de axudas por unidade familiar. Solicitante: MMRR
2308/2017	20/12/2017	Denegar a axuda recibo auga por superar o importe anual máximo das axudas por unidade familiar. Solicitante: JMR
2309/2017	20/12/2017	Renuncia recibo luz JMFM
2310/2017	20/12/2017	Renuncia recibo gas de JMFM
2311/2017	20/12/2017	Convenio As Mariñas 2017
2312/2017	20/12/2017	Renuncia axuda equipamento básico da vivenda habitual de HOCT
2313/2017	20/12/2017	Denegar a axuda aluguer por existir fiador solidario. Solicitante: MI
2314/2017	20/12/2017	Conceder a axuda 3 recibos de aluguer por importe de 200 euros cada un sendo o importe total de 600 euros. Solicitante: NLF
2315/2017	20/12/2017	Conceder duplicado tarxeta de estacionamento a LAGI
2316/2017	20/12/2017	Conceder a tarxeta estacionamento MFLS
2317/2017	20/12/2017	Conceder a tarxeta de estacionamento a MAGM
2318/2017	20/12/2017	Expediente de transferencia de crédito núm. 17/2017. Área de gasto 3 por un importe total de 32.299,85 euros
2319/2017	20/12/2017	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 106.713,84 euros
2320/2017	20/12/2017	Aceptar a renuncia da licenza concedida para a construción dunha edificación auxiliar na finca sita en San Lourenzo, Meixigo, e se estima o recurso de reposición interposto contra RCU 451_2016 pola que se declaraba a ineficacia da comunicación previa presentada para a construción dunha pérgola na citada finca. Solicitante: MLdelZ

#### 4º. Informes doutros asuntos de área



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- Venres 22 asistiu ao concerto de Nadal da banda de música Sementeira celebrado no conservatorio de música de Culleredo.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- Xoves día 21 asistiu á gala de clausura das actividades físicas e saúde no pavillón polideportivo Sofía Toro.

- Venres 22 asistiu ao concerto de Nadal da banda de música Sementeira celebrado no conservatorio de música de Culleredo.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación á entidade "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", no importe de 51.304,00 euros IVE incluído, da obra "Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo (fase 1)". Expte.: 2017/C002/000045

- Adxudicación, á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", no importe de 65.501,06 euros IVE incluído, da obra "Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos "POS+ 2017". Expediente 2017/C003/000003

- Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no PAS Adicional 1/2015 "Traslado e mellora do parque infantil da Praza José Luis Caso Cortines". Expediente: 2017/C003/000013

- Adquisición da parcela con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE, cunha superficie de 1.959 metros cadrados, inscrita no Rexistro da Propiedade número 5 da Coruña ao número de finca 3.341, titularidade da Fundación de interese galego denominada "Fundación Hermanos Tenreiro". Expediente: TEDeC 2017/C006/000005.

- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)", incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 da Excma. Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2016/C003/000008

- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás". Expediente: 2017/ C002/000042



sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Adxudicación á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, no importe de 51.304,00 euros IVE incluído, da obra “Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo (fase 1)”. Expte.: 2017/C002/000045**

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 11 de decembro de 2017, elabórase proxecto polo arquitecto don Emilio Cortés Varela, para execución das obras de “Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo, fase 1”, co fin de poñer en valor o inmovible para uso dos veciños, por un importe de 55.764,99 euros IVE incluído, (prezo sen IVE : 46.086,77 euros).

Con data do 14 de decembro actual emítense informes polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se propón a contratación da obra e se relacionan os aspectos técnicos para a súa adxudicación, ademais de dar conformidade ao proxecto elaborado externamente, mediante informe de supervisión emitido polo mesmo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 14/12/17.

Con data 14 de decembro de 2017, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación a catro empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, ( “Alvac, S.A.”, “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.”, “Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L.” e “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas , así como a presentación das catro ofertas, que constan rexistradas no expediente .

Con data do 20 de decembro de 2017 asínase proposta de adxudicación polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito , a prol da entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L.”, por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adxudicación factor prezo, único valorable no presente expediente, ao efectuar a oferta máis baixa non incurso en presunción de desproporción ou temeridade, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 51.304,00 euros (IVE incluído).

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 15 de decembro de 2017.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 22 de decembro actual, e incoado expediente de contratación nº TEDEC 2017/C002/000045.



Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 22 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto elaborado polo arquitecto don Emilio Cortés Varela, para execución das obras de "Acondicionamento e acabados no centro social de Meixigo, fase 1", por un importe de execución por contrata de 55.764,99 euros IVE incluído, así como a proposta de contratación formulada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 14 de decembro de 2017.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación 920.62200 "Edificios Administración xeral".

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2017/C002/000045, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

**Cuarto:** Admitir na licitación ás catro entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas : "Alvac, S.A.", "Narón Servicios Medio Ambiente, S.L.", "Arkivolta S.L. Construcción y Mantenimientos" e "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.".

Unha vez abertas as ofertas, rexeitase a presentada pola empresa "Alvac, S.A." ao exceder do tipo de licitación, que estaba fixado en 55.764,99 euros IVE incluído, esto de conformidade co establecido no artigo 84 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (Regulamento xeral da Lei dos contratos das Administracións Públicas), que establece que se algunha proposición excedese do presuposto base de licitación, será rexeitado en resolución motivada.

**Quinto:** Adxudicar o contrato no prezo ofertado de 51.304,00 euros (IVE incluído), á empresa "IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L." con CIF B-15448004 e enderezo na rúa Peiro de Arriba nº 6-A, 15189 Culleredo (A Coruña), por ser o licitador que propón a oferta máis vantaxosa en función do factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, ao realizar a oferta economicamente máis baixa non incura en temeridade.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras admitidas, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

LICITADORES	Clasificación
IAM Rumbo Instalaciones y Obras S.L.	1ª
Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.	2ª
Arkivolta Construcción y	3ª





Mantenimientos, S.L.

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

**Sétimo:** Designarase como director de obra ao arquitecto don Emilio Cortés Varela, ao que corresponde tamén a coordinación de seguridade e saúde da obra, con domicilio na rúa Pla y Cancela nº 27 baixo, 15005 A Coruña, isto de conformidade co vale pedido número 00767

**Oitavo:** Designar responsable do contrato ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polo que lle corresponderá supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno:** Notifíquese aos licitadores participantes, e ao director de obra e coordinador de seguridade e saúde designado, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Décimo:** Notificar aos Departamentos de Intervención e Urbanismo municipais, así como á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Adxudicación, á empresa "Construcciones Ponciano Nieto, S.L.", no importe de 65.501,06 euros IVE incluído, da obra "Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e**



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”. Expediente 2017/C003/000003**

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2017/C003/000003 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra “Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”, cun orzamento de execución por contrata de 91.982,95 euros (IVE incluído).

Vistos os informes emitidos coas datas do 14 de novembro e 5 de decembro de 2017, pola Comisión de Negociación designada no presente expediente (consonte ás cláusulas 15.1 e epígrafe 17.2 do Anexo I do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares), e dos que resulta que a entidade licitadora que formulou a oferta máis vantaxosa no presente expediente, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen presentar un valor anormal ou desproporcionado é a entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, que oferta o importe de 65.501,06 € IVE incluído, polo que se formula proposta de adxudicación ao seu favor.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de dez días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e máis no Anexo IV ao prego-tipo que rexe a presente contratación, este achegou en prazo a documentación requerida, acreditando dispoñer dos medios personais e materiais suficientes, así como a súa solvencia económica e técnica, segundo informe da enxeñeira técnica de obras públicas municipal de data 20 de decembro actual.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 21 de decembro actual, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 151 e 152 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 22 de decembro de 2017

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Primeiro:** Declarar válida a licitación, admitindo nela as ofertas presentadas polos licitadores que a seguir se relacionan, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 12 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación:

- Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.
- Alvac, S.A.
- Canarga, S. L.
- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.
- Construcciones Pan y Díaz, S.L.
- S3 Systems & Solutions, S.L.

**Segundo:** Unha vez efectuado o trámite de outorgamento, ás empresas admitidas, do prazo para presentar segunda oferta ou ratificar a xa presentada que se establece na cláusula 15.4 do prego-tipo, excluír da licitación as ofertas das entidades “S3 Systems & Solutions, S.L.” e “Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.”, xa que non presentaron documento ningún no prazo que lles foi conferido consonte á cláusula 15.4 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

Tendo en conta que esta cláusula contempla a obriga imperativa de que os licitadores “deberán presentar unha oferta que mellore a inicial ou ratificarse expresamente na oferta presentada”, e de conformidade co establecido no artigo 145.1 do RD Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, segundo o cal “As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva ningunha”, procede a exclusión do procedemento da licitación das ofertas presentadas polas dúas empresas que non deron cumprimento ao requirimento efectuado consonte á cláusula 15.4 do prego administrativo, (“S3 Systems & Solutions, S.L.” e “Construcciones Alejandro Martínez e Hijos, S.L.”), por incumprimento expreso do prego de cláusulas administrativas particulares que constitúe lei reguladora do contrato.

**Terceiro:** A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras que continuaron na licitación, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo que rexe a presente licitación, e mailos criterios de negociación contemplados na cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, é a seguinte:

1.- Construcciones Ponciano Nieto, S.L.	97,50 puntos
2.- Canarga, S.L.	86,53 puntos
3.- Construcciones Pan y Díaz, S.L.	71,41 puntos
4.- Alvac, S.A.	71,19 puntos

**Cuarto:** Adjudicar a obra “Saneamento en Curros Enríquez (O Graxal) e outros”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

“POS+ 2017”, á entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, con CIF: B-15293145 e domicilio social na rúa Agra dos Cregos, nº 28 Bajo, 15850 – Zas - A Coruña, no prezo ofertado de 65.501,06 euros, IVE incluído, por ser o licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa, acadando a maior puntuación, en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo que rexe a presente licitación, unha vez articuladas as tres fases de negociación contempladas na cláusula 15.4 do prego, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade, segundo informes emitidos polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos con data do 18 de outubro de 2017, e coas datas 14 de novembro e 5 de decembro de 2017 pola Comisión de Negociación designada no presente expediente.

As características da proposición do adxudicatario determinantes de que a súa oferta obtivese a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011, e cláusula 15.2 e Anexo V.I do prego-tipo, atópanse principalmente, ademais de na baixa económica ofertada, no Programa de traballo presentado, e na porcentaxe de control de calidade externo ofertado, criterios estes últimos onde obtivo a puntuación máis alta.

**Quinto:** Proceder á formalización do contrato en documento administrativo no prazo dos quince días hábiles seguintes á notificación da adxudicación, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, e na Plataforma de Contratos de Galicia, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e cláusula 17 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

**Sexto:** A dirección da obra correspóndelle á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, quen exercerá, así mesmo, os labores de responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sétimo:** A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á entidade “Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste. S.L.U.”, segundo vale de pedido nº 04843 asinado con data do 13 de outubro de 2017.

**Oitavo:** Notifíquese ás empresas participantes e á coordinadora de seguridade e saúde, e publicar simultaneamente a adxudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es), de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Noveno:** Notificar aos Departamentos de Intervención , Servizos, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra incluída no PAS Adicional 1/2015 “Traslado e mellora do parque infantil da Praza José Luis Caso Cortines”. Expediente: 2017/C003/000013**

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 8 de outubro de 2015, aprobou as bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, que foron publicadas no BOP núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 14 de decembro de 2015, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel, como Plan Complementario, a obra de “*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto elaborado polo xefe da Sección de Servizos, o enxeñeiro de camiños municipal don Óscar Souto Muíño, cun orzamento base de licitación de 106.941,32 euros (IVE incluído).

O 2 de decembro de 2015, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o xefe da Sección de Planeamento e Xestión, o arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo, emitiu informe segundo o cal as obras consisten esencialmente no traslado e mellora do parque infantil municipal da praza José Luis Caso Cortines, coa clasificación de solo urbano consolidado ordenanza espazos libres de domino e uso público, polo que as actuacións proxectadas considéranse viables urbanisticamente.

A Deputación Provincial da Coruña formulou requirimento de emenda do proxecto, que foi rexistrado ao núm. 0/3314 o día 25 de abril de 2016, polo que o Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 27 de abril de 2016, aprobou o proxecto corrixido correspondente á obra



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

“Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines”, non variando o importe final do proxecto.

Con data 25 de outubro de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos.

Mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña número 38964/2017, do 1 de decembro de 2017, declarouse cumprida a condición da existencia de remanentes xerados por baixas de licitación dos investimentos incluídos no Plan de Acción Social (PAS) 2015 Base e, en consecuencia, considerouse definitivamente aprobado o Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, polo que se comunicou ao Concello de Cambre que podía iniciar a adxudicación e posterior execución das obras solicitadas no seu momento con carácter supletorio no PAS Complementario. Esta resolución foi notificada ao Concello de Cambre o día 5 de decembro de 2017, a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 13 de decembro de 2017, o enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a citada obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de negociación.

Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 13 de decembro de 2017 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 171.62500, por importe de 106.941,32 euros.

Consta ademais, no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e maillo interventor municipais de data 22 de decembro actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 22 de decembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adxudicar a obra descrita no proxecto revisado e denominada “*Traslado e mellora do parque infantil da praza José Luis Caso Cortines*”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de contrato de 106.057,52 euros (orçamento base sen IVE, 88.381,26 + 10% modificado do proxecto, 8.838,13 + 10% certificación final, 8.838,13), e un orçamento total de execución por contrata de 106.941,32 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro



(TRLCSF), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000013).

**Segundo:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2017/171.62500.

**Terceiro:** Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

**Cuarto:** Como criterios para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregaranse os seguintes, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, xefe da Sección de Servizos, con data 13 de decembro de 2017:

Programa de traballo (Máx. 35 pts):

Valórase ata 35 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Entre 28,01 e 35 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Entre 21,01 e 28 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Entre 14,01 e 21 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Entre 7,01 e 14 Puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	Entre 0 e 7 Puntos

Porcentaxe de control de calidade (Máx. 9 pts):

Valórase ata 9 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Outorgarase a máxima puntuación ás proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Non se puntuará
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 15)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29.	Ata 9 puntos



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: 3 puntos X ____% de incremento sobre execución material (expresado en dous decimais)	
--	--	--

Redución de prazos de execución (Máx 5 ptos):

Valórase ata 5 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Oferta económica (Máx 51 ptos):

Valórase ata 51 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>).

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 13 de decembro de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

**Quinto:** Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

**Sexto:** De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

**Sétimo:** Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio no Perfil de Contratante- Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Adquisición da parcela con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE, cunha superficie de 1.959 metros cadrados, inscrita no Rexistro da Propiedade número 5 da Coruña ao número de finca 3.341, titularidade da Fundación de interese galego denominada “Fundación Hermanos Tenreiro”. Expediente: TEdC 2017/C006/000005.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data de 11 decembro de 2017 ditouse providencia polo concelleiro delegado da área de xuventude, turismo e patrimonio de data 11 de decembro de 2017 na que se propón adquirir a parcela con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE, cunha superficie de 1.959 metros cadrados segundo recente levantamento topográfico, inscrita no Rexistro da Propiedade número 5 de A Coruña, número de finca 3.341, código rexistral único 15025000349753, tomo 3306, libro 560, folio 218, alta 5, que se describe como “*rústica, labradío en Pumariño, lugar de A Iglesia, parroquia de San Xulián de Cela, Concello de Cambre, que ten a cabida de dezanove áreas once centíareas. Linda: norte, máis de Manuel Gil; sur, camiño de carro; este, de Antonio Balay e de Ambrosio Pernas e camiño serventío e oeste, de Manuel García*”, titularidade da Fundación de interese galego denominada “Fundación Hermanos Tenreiro”, antes “Gardería Infantil do Sagrado Corazón de Jesús e da Santísima Virxen do Carmen”, no prezo ofertado de 18,125 euros o metros cadrado, o que supón un importe total de 35.507 euros que se imputa á aplicación orzamentaria “2017/151.60000 Terrenos Urbanismo”.

A adquisición dun terreo no centro de espaxamento da parroquia de Cela é unha vella reivindicación que se veu reiterando mediante mocións, rogos e preguntas por todos os grupos políticos con representación no Pleno da Corporación dende hai, cando menos, dúas lexislaturas, así como mediante escritos presentados polas asociacións veciñais.

Tal e como consta nas providencias que serviron para incoar os dous expedientes de adquisición mediante concurso dun terreo destinado a actividades de ocio e actividades de carácter deportivo, sociocultural e recreativo ao aire libre no centro de espaxamento da parroquia de Cela, a necesidade ven motivada para ampliar a zona de aparcamento nas inmediacións da Igrexa no Cemiterio de San Xiao de Cela así como contar cos terreos necesarios para o seu uso como campo da festa, instalación de xogos infantís e zona de lecer e espaxamento da veciñanza.

Visto que os dous expedientes incoados ao efecto para a adquisición dun terreo necesario para dita finalidade foron declarados desertos por non presentarse ningunha oferta.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Visto que a día de hoxe se mantén, pois, a necesidade que xustificou a incoación dos citados expedientes.

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención Municipais con data de 22 decembro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Adquirir a parcela con referencia catastral 4435908NH5943N0001YE, cunha superficie de 1.959 metros cadrados segundo recente levantamento topográfico, inscrita no Rexistro da Propiedade número 5 de A Coruña, número de finca 3.341, código rexistral único 15025000349753, tomo 3306, libro 560, folio 218, alta 5, que se describe como *“rústica, labradío en Pumariño, lugar de A Iglesia, parroquia de San Xulián de Cela, Concello de Cambre, que ten a cabida de dezanove áreas once centiáreas. Linda: norte, máis de Manuel Gil; sur, camiño de carro; este, de Antonio Balay e de Ambrosio Pernas e camiño serventío e oeste, de Manuel García”*, titularidade da Fundación de interese galego denominada “Fundación Hermanos Tenreiro”, antes “Gardería Infantil do Sagrado Corazón de Jesús e da Santísima Virxen do Carmen”, no prezo ofertado de 18,125 euros o metros cadrado, o que supón un importe total de 35.507 euros que se imputa á aplicación orzamentaria “2017/151.60000 Terrenos Urbanismo”.

Isto, de conformidade co establecido no artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 27 do Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, que establecen que poderá acordarse a adquisición directa de bens inmobles ou dereitos sobre os mesmos cando fora declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.

**Segundo:** Formalizar a presente adquisición en escritura pública, inscribirla no Rexistro da Propiedade e incorporala ao Catastro e ao Inventario de bens e dereitos do Concello de Cambre coa calificación de ben demanial de uso público; isto, de conformidade co establecido nos artigos 4, 5, 32.1 e 113.1 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, artigos 2, 3, 17.1 e 36.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e 24 do Real Decreto 1373/2009, 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei 33/2003.

**Terceiro:** Notificar o presente acordo á Fundación Hermanos Tenreiro, á Intervención e á Tesourería Municipais.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**E) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)”, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 da Excma. Deputación provincial da Coruña. Expediente: 2016/C003/000008**

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000008	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	B15289614	Certificación Liquidación da obra “Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)”, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015	1.701,50 €	F/2017/6106	21/12/2017

Comprobado o cuadro aritmético da mesma.

Visto que se trata dunha certificación de liquidación de obra e que consta informe á liquidación asinado pola directora da obra e o contratista.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo xefe de sección de Servizos, en ausencia da responsable do contrato, e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 26 de decembro de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2016/C003/000008	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	B15289614	Certificación Liquidación da obra “Renovación do firme en Seoane (Anceis) e Patiña (Cambre)”, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015	1.701,50 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás”. Expediente: 2017/ C002/000042**

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de decembro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTA DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2017/C002/000042	Narón Servicos de Medioambiente S.L	B70078514	Certificación nº 1 da obra “Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás”	13.663,67 €	F/2017/5781	07/12/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente facturas debidamente asinada polo responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 26 de decembro de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente que conta co intervido e conforme da Intervención municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTA DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE
2017/C002/000042	Narón Servicos de Medioambiente S.L	B70078514	Certificación nº 1 da obra “Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás”	13.663,67 €

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia